

## PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO NOS SERVIZOS DE XANTARES E ALMORZOS NOS CEIPS DO CONCELLO DE FERROL

Debido ao complexo inicio do novo curso escolar, marcado polos protocolos de seguridade e hixiene para evitar o COVID19, protocolos que tamén afectan aos servizos de xantares e almorzos, especialmente na distancia de seguridade que hai que manter entre os nenos/as e nas medidas de limpeza e desinfección dos espazos, teremos que prestar especial atención a diferentes aspectos do funcionamento habitual e modificalos para adaptarse a estas novas necesidades, co fin de garantir a seguridade de todos os usuarios/as.

As medidas que adoptaremos serán sempre coerentes e personalizadas coa aplicación do protocolo de adaptación ao contexto de COVID19 en cada un dos centros educativos.

**1.- Os grupos de usuarios/as dos servizos serán grupos estables.** Para consegilo, non se contempla a utilización de servizos en modalidade esporádica. A contratación dos servizos será de días fixos, determinados no formulario de inscrición.

**2.- As entradas aos servizos estarán graduadas,** segundo os grupos previamente establecidos.

**3.- Dependendo do volume global de usuarios/as,** poderá haber un dobramento dos grupos en dúas instalacións diferentes para o desenvolvemento dos servizos.

**4.- Todos os usuarios garantirán a hixiene e a desinfección** mediante o uso de xel hidroalcohólico. Para tódolos usuario/as de educación primaria o sumistro de xel hidroalcohólico faráse mediante mecanismo activado con pedal.

Esta desinfección realizaráse ao comezo de cada servizo e tantas veces ao longo do mesmo como o persoal do centro considere necesario.

**5.- A ubicación dos usuarios/as dentro das instalacións estará baixo a indicación do persoal de cada servizo e centro.**

**6.- Ningún usuario/a pode levantarse do sitio anteriormente indicado sen o permiso do persoal do centro.** Cando un usuario quere ir ao cuarto de baño terá que estar baixo o permiso do persoal e só pode ser un a un.

**7.- Uso da máscara por parte dos usuarios/as.** O alumnado usuarios/as dos servizos poderán prescindir da máscara de uso obligatorio exclusivamente no momento da inxesta dos alimentos. Unha vez finalizado o tempo previsto para almorzar ou comer, todo o alumnado usuarios/as volverán poñela de novo. Este uso tamén será obligatorio se algúun usuario/a ten que levantarse do seu sitio asignado.

**8.- Unha vez rematado o tempo da comida. Non se contempla a realización de actividades grupais** cos usuarios/as dos servizos. Poderáse contemplar o uso de instalacións ao aire libre. Este uso estará baixo as indicacións de cada centro educativo, respectando os mesmos espazos dos que os usuarios/as fan uso durante o horario escolar.

**9.- As saídas dos servizos serán escalonadas.** Unha vez completados cada un dos servizos, os usuarios/as tamén sairán de xeito escalonado, segundo os distintos grupos previamente establecidos.



**10.-** O persoal do servizo do comedor do centro serán as persoas encargadas de **limpar e desinfectar** as instalacións empregadas para prestar o servizo de almorzos e xantares. A limpeza e desinfección faráse con productos adecuados e homologados pola Consellería de Sanidade. Empregarase disolución de 20ml de lexía por cada litro de auga.

**11.-** As instalacións habilitados para os servizos de almorzos e xantares terán ventilación natural antes e despois de cada servizo e sempre que as condicións metereolóxicas e das instalacións as permitan esta ventilación levarase a cabo tamén durante os servizos.

**12.-** O persoal contratado para os servizos de almorzos e xantares non poderán retirarse en ningún momento nin baixo ninguna circunstancia a máscara de uso obligatorio.

**13.-** No caso de detectar posibles síntomas nalgún dos usuarios/as dos servizos de almorzos e/ou xantares, o persoal seguirá o protocolo establecido:

- Acompañar ao usuario con síntomas ata a aula establecida en cada centro educativo como aula COVID19. Para poder garantir este acompañamiento, en cada servizo sempre haberá como mínimo dúas personas.
- Comunicación telefónica á familia do usuario/a para que poidan recollelo/a de inmediato.
- Comunicación telefónica ou vía correo electrónico, á Técnica de Educación do Concello de Ferrol como interlocutora da entidade contratante. Esta comunicación será realizada pola persoa autorizada para iso.
- Comunicación telefónica ou vía correo electrónico, se procede, á persoa asignada en cada centro educativo como ligazón COVID19.
- En ningún caso, o persoal dos servizos poderá facilitar ao resto dos usuarios/as e/ou aos seus titulares o feito de ter un usuario/a con posibles síntomas de COVID19.

**Este protocolo poderá verse modificado en calquera momento baixo as indicacións da Consellería de Educación, mediante modificacións ou novos protocolos de aplicación os servizos de referencia.**

Actualizado a 26 de outubro de 2020.